



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tfno: 986 272341 - Fax: 986 271461
Oza de Vigo, 43 Baño - O Pino
36001 OURENSE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



Comunicado nº 269/21
22 de Novembro de 2021

COMISIÓN GALEGA DE KARTING.

Para complementar as medidas de seguridade esixibles, a partir da tempada 2022 inclusive, para os pilotos noveis que soliciten a súa licenza o primeiro ano terán que pasar un briefing obrigatorio, nos adestramentos do fin de semana anterior ou antes da celebración do meeting oficial do día da proba.

Os equipos serán informados desta nova implementación que formará os noveis e redundará na seguridade do Campionato de Galicia de Karting.

Os pneumáticos terán o mesmo prezo que na tempada 2021, coa salvedade das fluctuacións dos prezos de mercado do 2022.

Novas categorías:

- 1.- Rookies (Competición+tempos+clasificacións+campionato 2022).
- 2.- Alevín
- 3.- Cadete
- 4.- Mini
- 5.- X30 Junior
- 6.- X30 Senior
- 7.- Rotax Junior
- 8.- Rotax Senior
- 9.- Rotax DD2
- 10.- Rotax MR1
- 11.- Catro Tempos
- 12.- KZ2 (Ata 30 anos)
- 13.- KZ2 (Máis de 30 anos)

A maiores do Campionato de Galicia de Karting 2022, créase a “COPA DE GALICIA DE INVERNO”, constará de dúas probas a dobre meeting (en total catro probas) dos que se reterán un máximo de tres resultados para o computo final e para optar ós premios finais que serán entregados na Gala 2022/2023.

IDADES:

Rookies: Idade de catro a sete anos (para tramitala licenza ten que ter os catro anos cumpridos na data da solicitude).

Alevín: Idade de sete anos cumpridos durante toda a tempada 2022, e 8, 9 e 10 anos cumpridos durante a tempada 2022. Os pilotos que cumpran 11 anos, no ano 2022, non serán admitidos.

Cadete/Mini: Idade mínima de oito anos durante a tempada 2022, e dun máximo de 12 anos cumpridos durante o 2022. Os pilotos que cumpran 13 anos durante o 2022 non serán admitidos.

X30 Junior/

Rotax Junior: Para pilotos que durante o 2022 cumpran 12, 13 ou 14 anos. Os pilotos que cumpran 15 anos no 2022 non serán admitidos.

X30 Senior/

Rotax Senior/

Rotax DD2/

Rotax RM1/

Catro Tempos/

KZ2 (- e +): Para pilotos que durante o 2022 cumpran 15 anos.

Toda exclusión dunha proba do Campionato, ou da Copa, terase que coller como resultado a reteñer como un cero.

Asdo: Don José Luis Echevarría Álvarez

COMISIÓN GALEGA DE KARTING DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO